

**RAMÓN OTERO PEDRAYO,
MESTRE DA CULTURA GALEGA**

**POR
RAMÓN PIÑEIRO**



CONFERENCIAS E ENSAIOS

ISBN

978-84-96530-90-4

DEPÓSITO LEGAL

C 1296-2009



A. P. Pinheiro
MAIOE
Comunidade 1991

LIMIAR
POR
RAMÓN VILLARES

Presidente do
Consello da Cultura Galega



Olladas de Piñeiro sobre Don Ramón de Trasalba



Ramón Piñeiro foi o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega elixido para tal encomenda, na sazón outoniza de 1983, polos membros do seu Plenario en solemne sesión inaugural ¶ Para daquela, Piñeiro era xa unha figura consagrada da cultura galega, pola súa traxectoria de intelectual galeguista e de formador *more socrático* de varias xeracións galegas; pero, tamén, pola súa influencia moral sobre a vida cultural e política de Galicia no tardofranquismo e, nomeadamente, nos tempos de construción da autonomía ¶ El propio tomou partido de maneira enérxica a favor do réxime autonómico naqueles tempos controversos da transición democrática, tanto na defensa do proceso estatutario como na decisión de participar na primeira andaina do Parlamento de Galicia, mediante a súa inclusión como independente nas listas do PSdG-PSOE nas eleccións de 1981 ¶ Que a súa presenza nos escanos parlamentares

sobardou a dimensión dun deputado individual foi recoñecida polos seus pares, que aceptaron de forma unánime iniciativas súas como a Lei de normalización lingüística ¶ Pero as súas que-
renzas predilectas eran as institucións culturais e isto explica a súa chegada á presidencia do Consello da Cultura Galega, que non se considerou incompatible coa súa condición de membro do Parlamento, reputada como ocupación temporeira ¶ E felizmente para o Consello, non podía comezar mellor a súa andaina que coa presidencia de Ramón Piñeiro ¶

Da súa obra e da súa vida falarase a cachón hogano, por ser o autor escollido pola Real Academia Galega como figura conmemorativa do Día das Letras Galegas 2009 ¶ Non fallarán novas edicións das súas obras, achegas biográficas e mesmo ensaios interpretativos das súas múltiples facianas vitais, desde as propiamente políticas ata as filosóficas e culturais ¶ Mesmo o seu epistolario, que foi talvez o xénero literario que mellor cultivou o noso homenaxeado, está a comezar a ser preparado para a súa edición ¶ O Consello da Cultura non podía ficar á marxe deste xusto recoñecemento do labor literario e

cultural de Ramón Piñeiro, que se concretará en varias actividades que non é do caso elencar aquí

✚ Pero un dos contributos máis senlleiros a esta homenaxe quere ser este cartafol de textos da súa autoría, que vai á procura dun lugar de seu nos andeis das bibliotecas, no ronsel de libros conmemorativos arredor das Letras Galegas que fora aberto no seu día polo segundo presidente do Consello, o profesor Filgueira Valverde

✚ Nada me praxe máis que deixar constancia desta práctica que, fundada na continuidade e no recoñecemento da obra dos devanceiros, debe acabar por formar a necesaria tradición que fecunda a vida de todo sistema cultural

✚

A selección dos contidos deste cartafol dedicado á figura de Ramón Piñeiro non foi cousa doada, pois a súa obra é máis ampla e espallada do que semella a primeira vista

✚ A decisión tomada, despois de barallar varias alternativas, foi a de atar nun único monllo unha conferencia, breves ensaios e artigos de xornal que Piñeiro dedicou a un dos grandes mestres da cultura galega toda, como foi Ramón Otero Pedrayo, ficando deste modo anoadas dúas figuras maiores do Parnaso galaico

✚ Alén da coherencia

que así adquire a publicación, esta vólvese máis sólida coa achega da gravación da conferencia que Piñeiro dedicou á figura de Otero no ano da morte do mestre de Trasalba, en 1976. ¶ Xuntamos deste modo a voz analítica e reflexiva, tanto escrita como falada, de Ramón Piñeiro a unha obra enciclopédica e que sobarda toda clasificación académica, como era a de Ramón Otero Pedrayo ou, dito con palabras de Piñeiro, o *Don Ramón* por excelencia para a súa xeración, a das Mocidades Galeguistas e logo a de Galaxia. ¶ Para nós, tempo xa andado, tamén Piñeiro se volveu outro *Don Ramón*, quen fai nestes textos unha lectura moi persoal da obra do señor de Trasalba, a quen leu de mozo e a quen tratou de maneira constante desde 1950 cando delambos se fixeron moradores da cidade de Compostela. ¶

Naquela altura, Otero Pedrayo era xa unha figura de universal admiración dentro e fóra de Galicia, nomeadamente no Bos Aires que visitara con grande éxito no inverno austral de 1947. ¶ Era autor dunha obra literaria feita antes da guerra, pero tamén dunha executoria profesional de xeógrafo e historiador, de político activo

nos tempos da II República e de recoñecida facundia oratoria ¶ Era tamén unha figura esencial desde o punto de vista moral, pois malia o seu conservadorismo católico, non se axeonllou perante o paso das novas bandeiras do réxime franquista, padecendo once de anos de separación (ou «depuración», como daquela se dicía con escasa delicadeza) da súa cadeira de instituto ¶ Esta situación persoal, que moito lle doeu, non lle roubou un celamín da súa enteireza moral e intelectual ¶ Otero non militou abertamente na oposición ao réxime instaurado en Galicia desde 1936, pero tampouco nunca lle deu os seus parabéns ¶ Sen a súa lealdade á causa de Galicia e da súa cultura e mesmo á tradición autonomista e republicana da preguerra —como ben lle recoñeceron no exilio americano— dificilmente se podería entender a capacidade de resistencia que a cultura galega logrou ter naqueles anos de chumbo ¶ Otero Pedrayo era moito máis que un profesor e un produtor de creación literaria ¶ Era un exemplo de conduta para as novas xeracións pois, como subliña o propio Piñeiro, era persoa «elegantemente incommovible nas súas lealdades» ¶

A imaxe que Piñeiro elaborou de Otero Pedrayo é unha mestura certamente orixinal de observación directa e de análise reflexiva e demorada da súa obra. O trato persoal mantido con Otero foi, como Piñeiro lembra en varias ocasións, moi intenso a partir de 1950, tanto nas rúas de Compostela, coma nas xuntanzas da editorial Galaxia ou na mesma casa patrucial de Trasalba, a onde os «galaxianos» acudían con frecuencia. Pero as relacións entre eles viñan de vello. De feito, nos anos corenta Piñeiro fixo sabedor a Otero de cartas escritas por Castelao e de novas políticas procedentes de América, galano que o señor de Trasalba lle devolveu visitando a Piñeiro e os irmáns Saco no cárcere polo ano 1946; foi co gallo dunha viaxe de Otero a Madrid na procura da sabedoría médica do Doutor Marañón. E cando Otero oposita á cadeira de Xeografía da Universidade compostelá, un entusiasta asistente aos exercicios foi Piñeiro, quen estaba ao tanto de intrigas académicas das que Otero non sabía nin da misa a metade. Hai, por tanto, unha relación persoal entre ambos *Don Ramón* e, naturalmente, unha clara admiración do de Láncara polo de

Trasalba † Os afectos eran compartidos e nunca fraquearon, por máis que a rixidez intelectual de Piñeiro, como propia dun pensamento de filósofo, exasperase máis dunha vez o *ethos* romántico de Otero, como aconteceu algunha vez nos faladoiros tidos na casa compostelá do Doutor García-Sabell †

Dúas son as principais achegas que Piñeiro fai nas súas análises da obra do señor de Trasalba † Unha delas é a localización da figura de Otero Pedrayo no contexto na xeración Nós e, de forma máis alongada, na tradición cultural galega desde os tempos dos Precursores † A orixinalidade desta xeración foi, no sentir de Piñeiro, a súa capacidade para se complementaren persoas de tan diferente carácter e mesmo formación como eran Risco, Castelao ou o propio Otero † Pero tamén pola súa decisión de faceren unha relectura da obra dos Precursores, desde Rosalía e Murguía ata Curros e Pondal † A herdanza dos autores do Rexurdimento consistía na recuperación literaria da lingua e na «reconstrución do prestixio do noso pasado» mediante a creación de mitos históricos dos que o máis evidente foi o do celtismo † O labor da

xeración Nós, sen rexeitar esta herdanza, foi o de acrecentar o capital recibido coa creación dunha prosa literaria moderna e a fixación de novos referentes da identidade nacional de Galicia, nos que a apelación á Terra e á Paisaxe resultaron centrais ♪ E Otero Pedrayo foi un obreiro especialmente fecundo nesta laboría ♪

A outra achega da lectura piñeirana de Otero é a reconstrución das influencias culturais europeas, con especial protagonismo para o romantismo como fonte de inspiración preferida do mestre de Trasalba ♪ A conexión co pensamento europeo, que foi un dos paradigmas da xeración Nós, resúmeo ben Piñeiro cando asenta que grazas a estas fontes intelectuais Risco, Otero e demais membros daquela xeración puideron fundir dúas ideas moi poderosas, que foi lograr unha «fusión íntima do sentimento da Terra coa vivencia cultural do Tempo» ♪ Dito doutro modo, foi o proceso contado no romance oteriano *Arredor de sí*, de descuberta de Galicia despois de andar noreando por media Europa, rematando deste modo co que Piñeiro denomina «camiño alienador» da súa experiencia persoal e intelectual ♪

Nalgunha pasaxe destes textos afirma Piñeiro que Otero era o derradeiro romántico, unha forma diferente de expresar a coñecida autodefinición oteriana de ser unha «pantasma do século XIX» ¶ Pola prosa e pola oratoria de Otero ecoan de forma constante temas e autores dos tempos do romantismo, que se van desfiando nunha prosa que se caracteriza por un estilo propio, algo barroquizante, que revela que máis que o idioma o que importa son os temas e contidos dos que trata ¶ Esta construción dun mundo propio, que foi unha das grandes conquistas de Otero, amósase en toda a súa fartura na modalidade oratoria ¶ A análise que Piñeiro fai do «Otero orador» resulta especialmente acáida: trátase dun «monólogo confidencial» perante un público ao que non ve e ao que non se dirixe ¶ Non hai necesariamente diálogo nin empatía cos ouvintes ¶ A observación piñeirana, malia ser el un orador máis eficaz que atraente, resulta rechamante na súa propia precisión, pois é evidente que Otero falaba non para ser escoitado, senón como unha necesidade de contar en público un «mundo subxectivo propio» ¶ A conclusión de Piñeiro, formulada en 1976, é que na

oratoria pedraiana importaba máis o tema que o auditorio ♪

A preparación deste cartafol foi obra, como en anteriores entregas, dun traballo colectivo desenvolvido por diversas persoas do Consello da Cultura Galega ♪ A selección e edición dos textos foi feita por un bo coñecedor da obra édita e mesmo inédita de Ramón Piñeiro, como é Henrique Monteagudo ♪ A edición en CD da conferencia pronunciada en 1976 polo propio Piñeiro forma parte da laboría que vén desenvolvendo o Arquivo Sonoro de Galicia na recuperación das nosas voces ♪ Agradecemoslle ao Orfeón Unión Orensana e a M. Rego Nieto a cesión desta gravación sonora ♪ A supervisión xeral da edición correu a cargo, como noutras ocasións, de Begoña Tajés ♪ A cesión dos materiais, escritos e fotográficos, para esta edición foi feita pola Fundación Penzol, a editorial Galaxia, así como por Xulián Parga e outros membros da familia de R. Piñeiro ♪ A todos eles, a miña gratitude, que teño a certeza que compartirán os lectores ♪

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega

CONFERENCIAS E ENSAIOS

POR
RAMÓN PIÑEIRO





Ramón Piñeiro e Ramón Otero Pedrayo en Traslalva, maio de 1961



**Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell e Ramón Otero Pedrayo
en Trasalba, maio de 1961**

DON RAMÓN NA LEMBRANZA

Para os que o tratamos durante moitos anos, a personalidade humana de D. Ramón Otero Pedrayo segue moi presente na nosa lembranza e será difícil que algún día cheguemos a cinguíla exclusivamente ao marco da súa obra, porque sabemos ben que o desbordaba amplamente. Hai casos en que a obra ten máis forza de irradiación que a personalidade humana do autor, casos en que ambas se equilibran e casos en que a forza da personalidade desborda á súa propia obra. Na miña experiencia —e referíndonos a tres membros moi relevantes da xeración Nós—, Vicente Risco foi exemplo do primeiro caso, Castelao do segundo e Otero Pedrayo do terceiro.

É un feito certo que, ao longo da súa vida, D. Ramón gozou de máis presenza social, de máis prestixio e de máis autoridade pola influencia da súa personalidade humana que pola influencia da súa obra. E penso que foi precisamente esa simpatía admirativa que espertaba a súa personalidade a que lle restou, en vida, atención á súa obra. De certo que a medida que se vai alonxando a presenza da personalidade humana, irá gañando presenza a obra.

Naturalmente que nos estamos referindo á obra escrita, á obra que conserva e conservará sempre a súa presenza na cultura galega. Pero, no caso de Otero Pedrayo, quizais deberíamos distinguir entre obra escrita e obra oral, porque é innegable que a través das aulas, a través das tertulias, a través das conferencias, desenvolveu unha extraordinaria actividade cultural que acadou moita máis

extensión e intensidade comunicativa que a dos seus escritos.

Como é natural, o paso do tempo irá esvaecendo a presenza desa obra oral porque a foi absorbendo o ambiente cultural galego, e, paralelamente, irá cobrando relevo e importancia —toda a importancia que ten— a súa obra escrita, que será a que conservará a personalidade individualizada do autor no noso ámbito cultural.

As xeracións novas xa non coñecen máis que a obra escrita de Otero Pedrayo. Para nós, esa é *a obra escrita* de D. Ramón. Para eles, esa é *a obra* de Otero Pedrayo. A lectura que eles fan das novelas, dos contos, dos ensaios, dos artigos oterianos é distinta da nosa, porque eles teñen que ler os escritos en si mesmos e nós lémoslos cunha referencia inevitable á imaxe que conservamos viva da súa personalidade e á lembranza de tantas conferencias e tantas conversas que lle escoitamos. Quer dicir, nós vemos a obra a través do coñecemento do autor e eles ven o autor a través do coñecemento da obra. E se lles queremos ofrecer esa imaxe da personalidade humana de D. Ramón que nós conservamos, teríamos que resumila brevemente así:

Era un home que tiña respecto e gusto da tradición e, ao mesmo tempo, unha mentalidade aberta e liberal. Na intimidade do seu interior era un romántico; cara ao exterior, na convivencia cos demais, era un home espontáneo e vital, con humor ledo e animoso. Tiña espírito sinceramente relixioso e gusto pola solemnidade e a beleza litúrxica, pero arrepiábanlle os temperamentos ascéticos que ven a vida con rixida vocación penitente, cando é un don de Deus merecente de gratitude. Socialmente, era comunicativo, cordial e xeneroso; na soidade tiña delongamen-

tos, nunca profundos, na melancolía. Tiña unha cultura moi ampla, non sistematizada en esquemas intelectuais, pero perfectamente asimilada e integrada pola sensibilidade estimativa, que nel era moi grande. Tiña forza imaxinativa e unha poderosa capacidade evocadora. Tiña visión persoal, orixinal, das cousas, e sempre benévola das persoas. Era elegantemente inconvencible nas súas lealdades.

Xuño de 1980



Ramón Otero Pedrayo nunha fotografía de Samaniego



Algúns deputados galegos das Cortes Constituíntes, entre eles R. Suárez Picallo, Castelao e A. Villar Ponte, ano 1931

OTERO PEDRAYO DENTRO DA SÚA XERACIÓN

Con Vicente Risco e con Cuevillas, ourensáns coma el, tivo trato amistoso desde a infancia. E aínda se deu a curiosa coincidencia de que Risco e Otero naceron na mesma casa —rúa da Paz, 25—, propiedade da familia de Otero e na que tamén vivía a familia de Risco. Iso si, o Risco naceu cinco anos antes. A Castelao, en cambio, coñeceuno bastante máis tarde e de maneira ben casual, un día que a Otero se lle ocorreu ir desde Madrid a Toledo e alí, diante do *Enterro do Conde Orgaz*, do Greco, se atopou cunha excursión galega escoitando as explicacións que un deles lles estaba dando acerca do famoso cadro. Ao ver que eran galegos, Otero achegouse a eles e faloulles, establecéndose rapidamente unha corrente de simpatía entre el e mailo excursionista que lles explicaba aos compañeiros as calidades artísticas do cadro que estaban a contemplar. Seguiron xuntos por Toledo e Otero convidouno a xantar. Fixéronse amigos, con amizade que non tardaría en ser fraternal e que duraría todo o que duraron as súas vidas. Foi así como se coñeceron Otero e Castelao, como excursionistas galegos que coincidiron casualmente ao pé do *Enterro do Conde Orgaz*, pero é evidente que se esa casualidade toledana non se dese, coñeceríanse máis tarde en Galicia no seo do galeguismo.

Unha das peculiaridades biográficas de Otero Pedrayo, en relación cos outros tres amigos e compañeiros de xeración, é que permaneceu máis tempo ca eles fóra de

Galicia. Demorou en Madrid máis dunha ducia de anos, primeiro cursando os estudos universitarios e logo satisfacendo sen premas a súa fonda curiosidade intelectual e arrequecendo a súa experiencia vital ata que decidiu opo-sitar a cátedras e iniciar o camiño da docencia. Sumados os anos de permanencia madrileña aos da docencia en Burgos e máis tarde en Santander, cando se incorporou ao Instituto de Ourense como catedrático de Xeografía e Historia xa se ía achegando aos límites en que comeza a súa madurez.

Naturalmente que todo ese período xuvenil transcorrido en Madrid —e unha boa parte del no Ateneo— e mai-los anos docentes en Burgos e Santander non significaron isolamento de Galicia por parte de Otero, pois o seu con-tacto con Ourense e con Trasalba foi constante e vivo. Pero é evidente que o ambiente espiritual en que se moveu durante eses anos foi o ambiente madrileño, aínda que, dentro del, mantivo unha clara independencia das correntes dominantes naquel tempo, xa que non se deixou gañar pola *Institución Libre de Enseñanza*, nin tampouco polo xesuitismo ou polo menéndez-pelayismo do bando contrario. Tiña demasiado pulo vital e demasiado humor para concordar coa cerimoniosa austeridade dos institu-cionistas e, por outra banda, era demasiado liberal para concordar co enxoito dogmatismo esquemático dos xe-suitas de entón ou coa exaltada fogaxe temperamental de don Marcelino. O seu espírito profundamente liberal, a súa fonda e ampla cultura e o seu san humor sempre cor-dial arredábano de todo dogmatismo e máis ben o condu-ciron ao escepticismo elegante que caracterizou os seus anos de mocidade.

Os outros tres compañeiros de xeración —Risco, Castelao e Cuevillas— tiveron un contacto máis permanente coa realidade galega porque vivían mergullados nela. Con todo, Risco e Cuevillas tamén reaccionaban contra a vulgaridade e a vacuidade espiritual do ambiente burgués que os circundaban procurando na cultura europea ou no esoterismo un castelo seguro para se manteren incontaminados. Castelao, en troques, por estar máis vencellado á Galicia popular, atopou axiña na identificación cos mariñeiros e cos compañeiros o centro moral da súa propia personalidade.

Estes distintos puntos de partida explican o proceso da incorporación activa ao galeguismo, que en Castelao se produciu antes que nos tres ourensáns. Cando Villar Ponte lanzou o seu chamamento para a creación das *Irmandades da Fala*, no ano 16, Castelao incorporouse inmediatamente, mentres que os ourensáns o fixeron un par de anos máis tarde.

O encontro de cada un deles co galeguismo foi como o encontro coa súa propia identidade, e o encontro de todos eles dentro do galeguismo foi a transformación da amizade en irmandade. A grande forza interior daqueles pequenos núcleos galeguistas estaba xustamente no seu forte vencello moral duns con outros. Profesaban ideoloxías distintas nos planos relixioso, filosófico ou estético, pero sentíanse todos irmáns na mística patriótica. En realidade, o Risco fixo canto puido por lle imprimir ao nacionalismo galego, do que el viña a ser o máximo teórico, unha arela de comunión mística coa Terra-Nai e mais coa Tradición.

Otero Pedrayo, que se incorporou con plena entrega espiritual, experimentou tamén unha especie de crise, de

cambio interior. O seu escepticismo elegante, animado polo humor san e cordial, tivo que dar paso a unha nova fe, a un novo ideal. Foi como dar esa volta *Arredor de si* que el novelaría máis tarde como unha especie de biografía espiritual do grupo.

En realidade, en Otero fixo crise a personalidade intelectual que fora desenvolvendo nos longos anos madrileños e saíu á superficie a personalidade íntima, a que se fora formando no ambiente cósmico e no mundo campesiño de Trasalba. Alí tiña as súas raíces máis fondas, que permaneceron aconchegadas por embaixo da vida social madrileña, do ambiente intelectual do Ateneo, das novidades literarias de Francia que foran enchendo demoradamente a súa mocidade. O retorno definitivo a Galicia e o encontro co galeguismo viñan a completar o círculo *Arredor de si* que levou a Otero ao encontro coa súa personalidade íntima e co mundo que lle dera a identidade. Naturalmente que nunca tiña eludido ese mundo da Galicia tradicional campesiña, co que sempre mantivo contacto a través de Trasalba; pero, agora, ese mundo cobraba o seu pleno significado na conciencia de Otero. Nel fundiuse a formación intelectual europea coa Galicia tradicional.

A súa vocación xeográfica levouno ao estudo da configuración física da nosa terra e, como a súa interpretación da xeografía prestaba especial atención á paisaxe, converteuse no máximo intérprete do home e da terra, algo así como a *facies* humanizada da terra, e, dese xeito, a paisaxe galega viña a ser, en certo modo, a obra colectiva das sucesivas xeracións de habitantes que viviron en Galicia e que a traballaron coas súas mans. Poderíamos dicir que as

dúas grandes creacións de etnia galega foron a paisaxe e a fala. A partir de Trasalba, Otero asimilou, converteu en substancia propia, esas dúas grandes emocións colectivas do noso pobo.

Pero ademais da paisaxe e da lingua, grandes creacións do pobo, estaba tamén o mesmo pobo. A diferenza de Castelao, que se identificaba co pobo entendendo por tal os mariñeiros e os campesiños, Otero englobaba tamén o que na súa espléndida novela *Os camiños da vida* chamaría «Os señores da terra». A súa visión da Galicia social non estaba polarizada ideoloxicamente, nin sequera eticamente, senón que abranguía nunha realidade conxunta os señores dos pazos e maillos campesiños que se agrupaban nos lugares. Certamente que desde o punto de vista vital ou desde o punto de vista histórico-social, a humanidade galega viña existindo sobre a base dese entramado señores / campesiños. Era a imaxe tradicional, que tamén recolleu Valle-Inclán, aínda que dándolle unha expresión extremada en función dos seus criterios estéticos, mentres que Otero non aplicou na súa visión ningunha lupa expresionista senón simplemente unha especie de simpatía vital, tanto se se trataba dos señores como se se trataba dos campesiños. Uns e outros aparecen en toda a súa plenitude na obra de D. Ramón Otero Pedrayo.

Ao facérense galeguistas —ao descubriren a súa identidade galega— os tres intelectuais ourensáns e o artista rianxeiro tiñan logrado un ideal común: asumir, defender e afirmar a personalidade xenuína de Galicia e os seus dereitos ao libre desenvolvemento. Pero, ademais do ideal, necesitaba tamén unha idea de Galicia. Mentres que o ideal era común, a idea de Galicia era máis ben

persoal de cada un. Cada un deles tiña unha visión, unha experiencia propia de Galicia, e de acordo con ela formaba a súa propia idea. A de Otero Pedrayo tiña moi presente a paisaxe, a realidade social de señores e campesiños, a lingua, un cristianismo moi identificado coa vida e acugulado de esperanza, e como símbolos da Galicia urbana e da Galicia rural, Santiago de Compostela e Trasalba respectivamente.

A síntese viva de todos estes elementos está presente na obra oteriana. Quizais a Galicia resultante non se corresponde coa que percibimos ou coa que soñamos no noso tempo e, mesmo por iso, dá unha certa sensación de distancia. Pero, en grande parte, esa distancia débese ás nosas propias limitacións perceptivas. Se reparamos ben nesa obra, botaremos de ver que toda ela reflicte o cerne do ser de Galicia, que vén a ser o mesmo que o verdadeiro substrato da Galicia «nosa», da que percibimos e da que soñamos.

Xuño de 1979



R. Otero Pedrayo, no Día de Rosalía, Padrón, abril de 1958



Ramón Otero Pedrayo diante da estatua de Rosalía en Santiago de Compostela, 25 de xullo de 1950

OTERO PEDRAYO NA CULTURA GALEGA*

Pola súa cronoloxía biográfica, Otero Pedrayo pertence á xeración chamada a dar o paso do século XIX ao século XX. Os homes desta xeración, nados no penúltimo decenio do século XIX, estaban destinados a protagonizar a mutación histórica —no noso caso, a mutación histórico-cultural— que lle había de dar ao noso século a súa fasquía anovadora. Nados no XIX e primeiros protagonistas do XX, eles podían decidir o destino do Rexurdimento cultural galego levado a cabo polos Precursores. Podían afianzalo, incorporándoo activamente ao pulo anovador do novo século, ou podían deixalo confinado no XIX, como manifestación peculiar do noso Romantismo. Podían asumir o esforzo dos Precursores como un herdo fundamental que sinalaba o paso máis importante da conciencia galega á procura da súa identidade colectiva, ou podían, pola contra, contemplar aquel esforzo como mero reflexo galego da labarada romántica xeral, como reflexo galego dunha moda literaria europea.

Xa sabemos que Otero Pedrayo e mailos seus compañeiros de xeración asumiron o herdo cultural dos Precursores. E asumírono plenamente, responsablemente,

* Conferencia pronunciada por Ramón Piñeiro en Ourense en 1976, que vai reproducida no CD incluído no cartafol. Esta conferencia baséase no contibuto que Ramón Piñeiro escribira para a *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento* (Vigo, Galaxia, 1958), titulado «Carta a Leonor da Cunha Leão sobre a persoa e a obra de Otero Pedrayo», e que posteriormente foi incluído na colectánea *Olladas no futuro* (Vigo, Galaxia, 1974).

con profunda conciencia de que se trataba do verdadeiro patrimonio comunal dos galegos e que, como tal, tiña que pasar de xeración en xeración arrequecéndose co esforzo creador e anovador de cada unha delas. Si, estes homes asumiron o herdo cultural dos Precursores. Nós sabemos que o asumiron plenamente, que o anovaron vigorosamente e que o arrequeceron con toda a fartura da súa orixinalidade creadora. Sabemos todo isto e admitímolo sen máis, talmente como se se tratase dun feito natural que tiña que ocorrer así e non dun feito histórico que podía ter ocorrido de maneira distinta, de maneira moi distinta, mesmo contraria.

Otero Pedrayo e mailos seus compañeiros de xeración eran fillos do XIX e iniciadores do XX. Mesmo por iso, a rebeldía propia de cada nova xeración fronte á xeración anterior neste caso estaba notablemente potenciada pola rebeldía do novo século fronte ao século anterior. A espontánea arela anovadora que caracteriza toda xeración nova, no caso destes homes ía intensificarse e ampliarse pola conciencia que tiñan de ser os iniciadores dun novo século, polo seu papel de inauguradores dun novo período histórico, polo sentimento agudo do seu novecentismo. Isto levábaos, inevitablemente, a unha viraxe crítica cara ao XIX e unha procura teimosa de horizontes novos cara a onde camiñar. E nesta procura de horizontes novos é mesmamente onde se decidía o destino histórico do esforzo cultural realizado polos Precursores. Eles podían asumir ese esforzo e, ao facelo así, comprometérense a continualo. Mais tamén podían seguir un camiño distinto, un camiño desvencellado do esforzo dos Precursores.

Pola súa formación intelectual eran fillos do seu tempo, mais non eran fillos da súa Terra. O herdo cultural do XIX, dentro do cal naceran e fronte ao cal ían reaccionar, non era o do XIX galego. Era o herdo cultural do XIX europeo. E a súa reacción anovadora seguiría, como é natural, as correntes anovadoras igualmente europeas, entendendo por tales, neste caso, as que se expresaban orixinalmente en francés, en alemán, en inglés. A súa óptica intelectual permitíalles a visión de Galicia desde as correntes culturais dominantes en Europa, mais non lles permitía a visión de Europa desde Galicia. Eran, xa que logo, galegos intelctualmente alienados, coma tantos e tantos fillos deste país. Falamos —quede ben claro— de alienación intelectual, pois no plano sentimental, emotivo, todos eles tiñan fondas raíces e fortes vencellos coa súa Terra. Sentían e amaban Galicia como unha realidade familiar, pero, asemade, esta realidade, entrañable no plano afectivo, era allea ao horizonte ultrapirenaico da súa cultura intelectual. Permanecían fieis á Terra sentimentalmente, e mesmo vitalmente, pero intelctualmente eran emigrantes alén dos Pireneos.

Desde esta perspectiva, sería de esperar que Otero Pedrayo e os homes da súa xeración levasen a cabo o seu papel de iniciadores do século XX asimilando e reflectindo en Galicia as correntes culturais novecentistas vixentes na Europa ultrapirenaica. Sería de esperar que desenvolvesen entre nós un brillante provincianismo cultural europeo, un provincianismo que, aínda sendo esencialmente mimético verbo de Europa, serviría para marcar unha grande distancia espiritual entre estas mentes tan informadas das novidades que xurdían en París e o

ambiente cultural reinante en Galicia. Sería de agardar que a súa potencial orixinalidade como membros dunha comunidade con personalidade propia quedase anulada polo poder esterilizador da íntima dicotomía que os levaba a ser sentimentalmente da súa Terra e intelectualmente do seu tempo, pero vivindo ambas as dúas dimensións como alleas entre si. O seu tempo, neste caso, non era a dimensión histórica da súa terra, senón que era a dimensión histórica da Europa ultrapirenaica. O tempo aquí convertíase nunha forza tremendamente alienadora. Como galegos, xa que logo, estaban alienados no tempo que tiña o seu meridiano cultural en París, estaban intelectualmente emigrados na Europa de alén Pireneos.

Con todo, o seu papel de iniciadores do século xx en Galicia non seguiu este camiño alienador que eles seguiran na súa propia experiencia persoal. Ao actuaren como xeración, aparecen como fillos da súa terra e do seu tempo, pero coa fundamental novidade de que a terra e o tempo xa non eran dimensións alleas entre si. A anterior dicotomía entre o vínculo sentimental á terra, por unha banda, e o vínculo intelectual á Europa transpirenaica, por outra banda, fora superado ao integrárense como xeración. Ao tomaren nas súas mans a responsabilidade de lle dar a configuración inicial ao século xx galego, tíñase operado neles unha profunda revolución interior, tíñan logrado a fusión íntima do sentimento da Terra coa vivencia cultural do Tempo. Abriuse diante deles un novo horizonte no que a Terra e o Tempo constituían unha unidade cultural viva e orixinal, unha unidade que lles permitía contemplar Europa e contemplar o mundo sen necesidade de alienación intelectual, sen

necesidade de emigrar intelectualmente. Descubriron que Galicia era unha unidade orixinal dentro do conxunto cultural europeo e non simple espello provinciano das ideas vixentes en París, en Múnic, en Londres, en Berlín. Galicia tiña que vivir creadoramente o seu propio tempo histórico, tiña que expresar culturalmente a súa propia, a súa xenuína personalidade comunal. Tiña que pasar do mimetismo á creación orixinal.

Foi xustamente este descubrimento o que aglutinou a xeración como tal. Certamente, cada un dos seus integrantes tiña unha experiencia persoal propia e, mesmo por iso, cada un deles tiña vivido á súa maneira a alienación intelectual, nuns maior que noutros. Así, Villar Ponte ou Castelao —poñamos por caso— tiveran menos contacto intelectual con Europa na etapa anterior á aglutinación xeracional, mentres que Otero Pedrayo, Vicente Risco ou Florentino Cuevillas tiveran un contacto moito maior. E aínda temos o caso moi especial de Viqueira, para quen Europa non era unha realidade afastada que chegaba a Galicia a través de libros e revistas, senón que era unha experiencia asimilada e vivida directamente nas mellores universidades e coas máximas figuras da cultura europea do seu tempo. Pero Viqueira, que pasou toda a súa infancia nunha aldea galega, durante os anos da mocidade que pasou en París, en Berlín, en Londres, en Leipzig, en Hamburgo, sentía agudamente a súa identificación con Galicia. A profunda asimilación da cultura e a profunda experiencia da realidade europea en Viqueira non producían alienación intelectual senón que, pola contra, facíanlle sentirse galego e facíanlle sentir a mágoa do atraso de Galicia. Ou sexa, asimilaba a cultura europea como galego.

As experiencias persoais, como vemos, son distintas, pero todas confluíron no intre de se producir a aglutinación xeracional. Esa aglutinación produciuse como resposta a un chamamento de Antón Villar Ponte, quen tivera —como xa dixemos— pouco contacto intelectual coa Europa novecentista; tivera, en cambio, experiencia persoal da emigración e do ambiente galeguista máis ou menos difuso que alentaba na colonia galega da Habana. En 1916, despois dunha viaxe a Portugal como correspondente de prensa que lle serviu para se decatar de que a lingua oficial do Estado portugués (e, claro está, a do Estado brasileiro) era unha variante da lingua galega, decidiu lanzar un chamamento na procura da afirmación solidaria da nosa personalidade de pobo, cuxa expresión máis xenuína estaba mesmamente na lingua. En realidade, a idea de crear unha Irmandade destinada a defender, a cultivar e a prestixiar a nosa lingua foi de Ramón Villar Ponte, pero Antón soubo darlle formulación e difusión eficaz. Ao seu chamamento responderon con entusiasmo as máis valiosas figuras mozas da Galicia de entón. E foi esta resposta a que aglutinou a esas figuras como xeración e a que configurou esa xeración como xeración galega.

Este feito ía ter unha importancia decisiva, porque se trataba da xeración destinada a iniciar o século xx galego. Ao identificarse coa lingua, identificábanse co pobo e coa terra. No espírito destes homes, Galicia transformábase nun país con personalidade propia e definida, nun pobo con dereitos que a todo pobo lle corresponden e nunha cultura orixinal. Un país, un pobo, unha cultura: tres dimensións dunha realidade comunal que os abranguía a todos. De aí que, ao tomaren conciencia deste feito, volvesen os ollos

cara ao noso século XIX e asumisen como herdo propio o esforzo levado a cabo polos Precursores. E, ao facéreno así, déronlle a ese esforzo toda a súa dimensión histórica. Se esta xeración tivese permanecido na súa alienación intelectual, o esforzo extraordinario dos Precursores quedaría confinado, inxustamente confinado, no marco histórico-cultural do Romantismo, porque só podía acadar a súa plenitude a través da continuidade. Otero Pedrayo e os seus compañeiros de xeración déronlle esa continuidade. Ao asumiren eles o herdo dos Precursores e ao imprimírenlle toda a forza anovadora e arrequecedora de que eran capaces, déronlle a máxima transcendencia, a máxima fecundidade histórica.

HERDO DOS PRECURSORES

Mais, en que consistía o herdo cultural legado polos Precursores? Ben mirado, consistía en dúas realizacións de fundamental importancia: a conversión da lingua galega en lingua poética e o darlle a Galicia conciencia histórica. O cultivo da lingua foi predominantemente poético, sobre todo predominante na orde cualitativa. As realizacións culturais distintas ás que levaron a cabo os historiadores acadaron menos transcendencia e alcance. A grande achega do século XIX foi, xa que logo, a de dotar a Galicia de conciencia histórica e a de dotar á lingua galega de rango poético universal. Historiadores e poetas foron os nosos heroes do XIX.

A lingua galega, ausente de usos literarios cultos desde o Renacemento, viñera a ser unha lingua puramente oral,

un *sermo vulgaris*. No século XIX, case de súpeto, converteuse en lingua poética de altísimo rango. Tal milagre débese, sobre todo, a Rosalía, pois se outros iniciaran con prioridade cronolóxica o seu cultivo poético, foi ela quen lle conferiu a suprema e definitiva consagración. Con anterioridade a Rosalía, pódese dicir que non había tradición poética galega. Non se chegara —nin moito menos— a elaborar unha lingua poética. Rosalía non tiña ao seu alcance unha lingua traballada, elaborada, matizada polos usos da expresión poética. O que ela tiña ao seu alcance era unha lingua oral, unha lingua popular, unha lingua cultivada, traballada e matizada unicamente polos usos expresivos da nosa xente do campo e do mar. O milagre consiste en que Rosalía, en lugar de crear unha lingua poética persoal dentro do galego —como a creou, por exemplo, Pondal—, o que fixo foi, nin máis nin menos, escribir a súa poesía persoal na lingua oral do pobo. Demostrou que o galego falado, a lingua cotiá do pobo traballador, servía para expresar o máis puro lirismo, para reflectir os máis anxélicos matices sentimentais, para traducir as máis fondas vivencias íntimas. O galego de Rosalía non era aprendido en textos nin procedía de ningunha reflexión consciente: era o galego ouvido directamente de labios do pobo. O prestixio acadado pola súa poesía aquecía tamén á lingua, á fala popular que lle servira de vehículo expresivo. Co triunfo da súa poesía, Rosalía conquistou tamén o triunfo, a consagración do galego como lingua poética. Detrás, viñeron Pondal e Curros para completar a obra.

Como dixemos, a outra grande realización cultural do noso XIX foi o dotar a Galicia de conciencia histórica.

Os nosos historiadores románticos levaron a cabo, con alento verdadeiramente épico, a empresa de reconstruír o prestixio do noso pasado. Propúñanse espertar por ese camiño a conciencia da personalidade colectiva do pobo galego. En certa maneira, tiñan o alento e o senso de verdadeiros bardos. Facendo resoar o eco vibrante das glorias pasadas, querían avivecer a conciencia adormentada da Galicia do seu tempo. E, certamente, chegaron a pór en marcha unha especie de emoción histórica popular ao redor dalgunhas lembranzas do noso pasado, ou sexa, chegaron a crear verdadeiros mitos históricos. O máis importante, o do celtismo étnico galego.

Estas dúas grandes realizacións culturais do século XIX viñan a ser os fundamentos para a recuperación da nosa personalidade colectiva. Pero, evidentemente, só poderían cumprir esa función histórica se as xeracións seguintes as asumían como herdo patrimonial. De aí a importancia decisiva desta xeración á que pertence Otero Pedrayo, non só polas razóns intrínsecas da súa grande valía, senón polas razóns cronolóxicas de ser a iniciadora do noso século XX. Se esta xeración non tivese recollido o herdo cultural dos Precursores, o proceso de recuperación da nosa personalidade colectiva teríase fanado por moito tempo. Pero, como dixemos, recolleu ese herdo da maneira máis efectiva, ou sexa, partindo del para profundar, para ampliar, para arrequecer a conciencia da nosa personalidade colectiva e, ao mesmo tempo, anovando vigorosamente a nosa creación cultural. Dentro desa xeración, hoxe imos falar de Otero Pedrayo. Por se tratar dunha figura sobranceira na Galicia do século XX, trataremos da súa obra e mais da súa personalidade.

OTERO PEDRAYO, ESCRITOR

Entre os cultivadores literarios da lingua galega, ninguén escribiu tanto coma Otero Pedrayo. Considerada en conxunto, a cantidade, a variedade e a calidade da súa obra non admite polo de agora comparanza. Novela, teatro, ensaio, conto, libro de viaxes, artigo e, un pouco ás agachadas, verso foron cultivados por el con pulo e, ás veces, con acerto incomparable. A multiplicidade de xéneros, de matices significativos e de valores literarios da obra de Otero fai preciso que, ao enfrontármonos coa súa personalidade de escritor, a consideremos polo menos desde tres puntos de vista distintos: o do significado global da súa obra dentro da evolución cultural galega, o do significado da súa personalidade literaria dentro da xeración á que pertence, o do significado dos valores literarios da súa obra.

Desde o primeiro destes tres puntos de vista, ninguén lle poderá negar a Otero a alta gloria de ser un dos grandes creadores —eu coido que o máis grande ata hoxe— da nosa prosa culta, un dos grandes forxadores do galego literario. Poderase discutir o valor estético das súas obras con relación aos abaladizos criterios valorativos de cada época ou de cada gusto persoal. O que nunca se poderá negar é a importancia histórica da súa contribución á formación da verdadeira prosa literaria galega, á conversión do galego en lingua de cultura escrita.

Froito dunha dupla confusión —a das calidades do estilo coas idiomáticas e a perfección gramatical do idioma coa súa pureza— tense dito que o galego de Otero Pedrayo é artificioso. E non o é. Lonxe de ser artificioso, o galego de Otero é extraordinariamente rico en vida e en pureza.

Nunca, ata el, o fora tanto. As dificultades con que o lector tropeza diante da prosa de Otero non proveñen da artificiosidade do idioma nin da súa impureza, senón que proveñen do peculiar barroquismo do seu estilo. Iguais dificultades teñen que atopar na súa prosa en castelán, porque o *artificio* —se se lle quere chamar así— está no estilo e non no idioma. Pola contra, se consideramos o problema coa necesaria atención, máis ben botaremos de ver que a proporción de arcaísmos, de neoloxismos ou de lusismos —as grandes chatas que en contra dos escritores galegos se repiten polos que non o son— vén sendo menor en Otero que noutros escritores. El creou a súa lingua literaria apañánda a presadas no eido popular. Non o foi rebuscar aos textos arcaicos, nin o arrincou da vella cepa latina, nin o procurou no horto familiar portugués. Demostrou que esas tres fontes, aínda sendo lexítimas, non eran fundamentalmente necesarias, pois abonda con recadalo dese grande parladoiro vivo, espontáneo, que é cada aldea de Galicia —no seu caso a aldea de Trasalba—, e darlle viabilidade expresiva de rango literario. Empresa que Otero realizou con admirable pulo creador.

Outro motivo de confusión cando se fala do galego de Otero procede da identificación de dous conceptos realmente distintos: a perfección gramatical do idioma e a súa pureza. No tocante á perfección formal ou gramatical do idioma, a despreocupación do noso escritor é total. O seu galego é rico, vivo e puro no vocabulario; mais é descochado, mesmo diríamos anárquico, no aspecto formal. Prescinde de toda preocupación normativa e atende con exclusividade á súa función expresiva, que é, desde logo, a esencial. Poderíase dicir con xustiza que a prosa de

Otero Pedrayo é boa para aprender a escribir *en galego* e nada boa para aprender a escribir *o galego*.

Desde este primeiro punto de vista, ou sexa, o do significado global da súa obra na evolución cultural galega, temos que recoñecer que consiste no meirande esforzo persoal que se leva realizado ata hoxe para acadar a conversión da lingua galega en lingua cultural plena e madura. Ninguén a someteu a tan rica e tan complexa función expresiva de valor cultural nin a manexou coa opulencia e vitalidade coa que el a manexou. O seu papel histórico na evolución das nosas letras é o de facer entrar, case que en cachoeira, a lingua popular nos usos requintados e sutís da vida cultural.

O segundo dos puntos de vista —o do significado da personalidade literaria de Otero dentro da xeración á que pertence— obríganos a unha comparanza cos outros dous prosistas da xeración, Castelao e Risco.

Castelao acadou na prosa un equilibrio entre perfección e enxebreza semellante ao que Cabanillas atingira na poesía. En rigor, desde o punto de vista da fixación literaria do idioma, Castelao é un clásico da literatura galega. Ademais da enxebreza, Castelao coidou moito da perfección formal. Na súa obra resulta tan fundamental a enxebreza do contido coma a perfección da forma. Froito dun pousado madurecer interno e tamén, sen dúbida, dun prolongado traballo de pulido externo, chega a un asinado e marabilloso equilibrio entre o contido e maila forma expresiva. Nel non hai nada improvisado, inacabado, inmaturo. Nada sobra nin falta. Todo está no seu punto. Ah! Mais todo cunha dimensión de profundidade, de tépeda fondura humana que vai envolvendo a

prosa dun misterioso recendo poético. Por este senso poemático fundamental, a obra de Castelao tende de seu ás formas breves, como o conto ou a estampa. E cando cultiva outros xéneros, no fondo o que fai é teatralizar ou novelar contos ou estampas.

Tampouco Vicente Risco é un improvisador. Tamén é un escritor consciente que traballa e procura a perfección da forma. E sábea conquistar, quen o dubida! Mais nel a perfección formal vírase en claridade, en precisión, en elegancia expresiva, sen esa dimensión de profundidade, de tépeda fondura humana que estremece a prosa de Castelao misteriosamente, poeticamente. Risco, máis que artista, é un intelectual. As calidades da súa prosa reflicten virtudes da intelixencia: clareza, orde, precisión, elegancia..., todas elas adobadas cunha faísca de ironía. Non hai dúbida de que Risco é un bo escritor, pois as notas de claridade e agudeza —propias da intelixencia— sábeas dar de maneira abondo perfecta en canto escribe. Por lle faltar sensibilidade e alento humano, os valores da súa obra literaria son máis ben didácticos que narrativos ou poéticos. Móvese mellor no mundo estelar das ideas que no mundo multiforme, desacougado e apaixonante da vida, porque a vida, no mundo da cultura, aparéceselle en forma de esquemas ou de símbolos ideais. Máis que a novela, o conto, o teatro e o verso, o seu campo natural era o ensaio. E escribiu, de certo, excelentes ensaios en moi boa prosa galega.

Otero Pedrayo diferénciase profundamente de Castelao e de Risco. Mentres estes son escritores «conscientes» que saben traballar e atinguir a perfección formal, cada un deles na liña da súa dirección temperamental, Otero amósasenos

absolutamente despreocupado de tal perfección. Máis ben aparece dotado das calidades inversas: espontaneidade, improvisación, fluencia imaxinativa, riqueza verbal, asombroso poder evocador... Fronte ao clasicismo de Castelao e de Risco, baseado nun difícil e rigoroso equilibrio —o do primeiro entre sentimento e expresión; entre expresión e pensamento o segundo—, Otero resulta un escritor clara e acentuadamente romántico. O seu sentimento non se somete, como en Castelao, a unha disciplinada harmonía expresiva; nin se somete o seu pensamento, como en Risco, a unha disciplinada claridade conceptual. Ama a liberdade sobre a disciplina. Deixa que o seu sentimento entre, ceibe, na tremeluciente fervenza da expresión verbal; e deixa, igualmente, que o seu pensamento persiga a riqueza ventureira, insegura e un tanto irreal do puramente suxerido antes que a segura e concreta posesión do definido. Para el, a emoción raiolante vale máis que a claridade en equilibrio; a suxestión máis que a definición.

Resulta, xa que logo, que a nota distintiva da personalidade de D. Ramón dentro da xeración á que pertence é a do romantismo. Poderíamos dicir —coído— que el é o derradeiro romántico das nosas letras. Así, do mesmo xeito que na nosa poesía xurdiu, no XIX, co triunfo da sensibilidade romántica, tamén a sensibilidade romántica, no XX, e a través de Otero Pedrayo, foi a que orixinou o grande pulo creador da nosa prosa. E non quere isto dicir, nin moito menos, que Otero sexa un escritor «anacrónico». Na súa xeración, el é o que está en posesión dunha cultura máis ampla. Mesmo por iso, a súa formación espiritual desenvolveuse en contacto vivo e directo co

ambiente e as inquiredanzas da súa época. Pero ocorre que a súa personalidade non está determinada nin se define pola cultura asimilada —con ser verdadeiramente enorme—, senón pola súa sensibilidade innata. E aínda que a súa cultura non sexa privativa nin predominantemente romántica, romántica é a súa sensibilidade. Mesmo por iso, o seu romantismo non ten carácter histórico-cultural senón vital. De onde se segue que ao dicirmos del que é un escritor romántico, nin dicimos nin queremos dicir que sexa anacrónico.

E quédanos agora por considerar o terceiro dos puntos de vista, o dos valores literarios da súa obra. Aquí atopámonos con que Otero, como escritor, se caracteriza por tres trazos fundamentais: estilo máis oral que literario, agudeza sensitiva para a captación da paisaxe, abraiante capacidade evocativa.

No tocante ao estilo, dicimos que é oral e non literario para sinalar que o ritmo expresivo, a sintaxe de Otero responde ben máis ás peculiaridades da expresión oral que ás da expresión escrita. Non dicimos que sexa un estilo oratorio, porque iso daría idea dun estilo elocuente e enfático, características que non son as súas. Dicimos, sinxelamente, estilo oral. Ou sexa, se os estilos expresivos do falar e do escribir son normalmente distintos, en Otero son un só. E o estilo del é o oral.

A segunda calidade que apuntamos é a da súa agudeza sensitiva para a captación da paisaxe. Non se trata aquí, como no caso doutros escritores —o mesmo Ortega, por exemplo—, dunha acuidade retiniana máis ou menos excepcional para percibir a beleza plástica da paisaxe. A captación paisaxística de Otero non é puramente retiniana:

é anímica. As formas da paisaxe non son para el simple presenza. Son, sobre todo, expresión comunicativa. Cada forma concreta non é máis que un intre expresivo na dinámica dun proceso. A sensibilidade de Otero sabe percibir a forza comunicativa da paisaxe; valéndose das formas concretas en que aparece visible, capta a súa expresión fisionómica. Pero este percíbila como un proceso dinámico que se vai concretando en idoiras formas expresivas dálle á paisaxe un certo carácter dramático. Cada píncaro da alta serra, cada bocarribeira, cada val, cada río, cada freita, cada penascada non son máis que a expresión —gozosa e tranquila no val, runfante no píncaro, enerxética e imponente na penascada— dunha forza profunda, escura e poderosa que sofre e loita nun continuo esforzo creador de formas. E na interpretación desas formas, na captación do seu valor significativo, é onde percibe Otero todo o mudo dramatismo interior da paisaxe. De onde resulta que na súa obra a paisaxe é un elemento de tanta e tan intensa vibración anímica coma o home mesmo.

A terceira calidade distintiva que lle sinalamos é a capacidade evocativa. Calidade que posúe Otero en grao verdadeiramente abraiante. A súa capacidade de lle infundir vida ao pasado é certamente excepcional. Non se trata de reconstruír con máis ou menos riqueza e precisión de datos —cousa que se pode conquistar con memoria ou con método—, senón que se trata de que o pasado en Otero revive; sábelle dar presenza vital. Esta facultade evocadora é un dos seus grandes resortes literarios. Con ela conquista algunha das súas mellores realizacións.

Sempre que fala da paisaxe, a súa prosa acada un fondo e limpo acento poético. Pódese dicir que Otero

Pedrayo é o máximo poeta da paisaxe que ten xurdido nas letras galegas. A fusión do seu estilo espontáneo coa facundia evocadora, ás veces, logra resultados espléndidos, pero se ambas as dúas calidades se acentúan, xorden os perigos literarios de D. Ramón: luxo barroquizante, profusión de digresión, sobreabundancia de resonancias culturais. Con todo, no conxunto da súa obra resplandecen abondosamente as súas excelentes calidades de escritor.

OTERO PEDRAYO, ORADOR

Con todo, sendo como é unha personalidade rica e complexa en grao excepcional, non hai dúbida de que o límite máximo da súa capacidade expresiva acádao na creación oratoria. O don de locución é o verdadeiro núcleo da súa personalidade. Pero a súa oratoria presenta características marcadamente singulares. A del non era —como é xeralmente toda oratoria— unha especie de diálogo entre o orador e mailo auditorio. Otero, tan dotado para a expresión da locución, carecía, en cambio, de capacidade para o diálogo, mesmo nesa forma de diálogo unilateral que vén sendo a oratoria. Porque non hai dúbida de que todo orador se dirixe intencionalmente ao auditorio para influír nel dalgún modo, ben no plano puramente mental mediante o despregamento de argumentos persuasivos e de ideas, ben no plano anímico mediante unha especie de contaminación emotiva. Tanto nun caso coma noutro, o instrumento verbal que o orador manexa leva a súa vontade á mente ou ao ánimo de cada un dos ouvintes. Entre

o orador e mailos que escoitan hai unha verdadeira tensión comunicativa que condiciona en grande medida o comportamento daquel. Tanto mellor nos parecerá un orador canta máis capacidade teña para crear esa tensión e para tornala en comunicación eficaz e duradeira.

Ora, esa imaxe da oratoria e do orador non lle cadra a Otero Pedrayo, porque nel non se daban tales condicións. Cando falaba, a palabra non era vehículo intencional dirixido a actuar na mente ou no ánimo do ouvinte. Pola contra, en Otero a palabra non facía máis que traducir, non facía máis que poñer en voz alta o seu mundo persoal. Máis que a crear tensión comunicativa, entregábase a unha especie de monólogo confidencial diante do público. Ensimesmábase nun orbe totalmente seu —desde logo moi rico de sensacións e de resonancias evocativas— e perdía por completo a noción do tempo obxectivo e da participación do público no diálogo oratorio, que neste caso non chegaba realmente a existir.

Con todo, Otero Pedrayo era un extraordinario orador, pois era extraordinaria a súa capacidade de expresión verbal, coa que acadaba toda a prodixiosa fluencia da espontaneidade subxectiva. Dificilmente poderá ninguén igualalo nesa capacidade expresiva do decorrer espontáneo do mundo subxectivo propio. Nela radicaba a súa peculiaridade oratoria, que era, mesmo por iso, dun tipo que poderíamos chamar «de monólogo». Cando falaba, entregábase moito máis ao tema que ao auditorio; seguía despreocupadamente o curso espontáneo e libre das asociacións que ían xurdindo na súa mente. E seguía en voz alta, engaiolando a quen o escoitaba coa maxia do seu lirismo inesgotable. Máis que un instrumento comunicativo, nel a palabra era

case que un fin en si mesma, era pura expresión. O auditorio non colaboraba, non participaba activamente no seu desenvolvemento oratorio; limitábase a escoitar pasivamente un máxico fluír verbal máis gaioleiro que persuasivo ou incitante. Tódolos elementos volitivos ou conceptuais se ían esluíndo no fondo poético, que sen cesar se transforma en orballeira de metáforas líricas.

Pódese afirmar que nos tempos modernos non contou a lingua galega cun orador comparable a Otero Pedrayo. De certo, el foi quen a consagrou e a prestixiou como instrumento de expresión oratoria, do mesmo xeito que, no seu tempo, o fixera Rosalía no campo da expresión poética. Mais non se limitou a conquistar a consagración definitiva da oratoria en galego. Ao mesmo tempo que isto, en realidade representa o exemplo máis sobranceiro de oratoria galega. Non só galega polo idioma, senón tamén pola substancia expresiva. Ou sexa, de oratoria lírica, expresiva da intimidade do mundo interior, de oratoria que se escoita con esa mestura de asombro e de respecto con que se escoita a poesía ou a música, pois comparte con elas o carácter de expresión confidencial.

Esta singular calidade oratoria é tan esencial en Otero, tan decisiva, que ela é a que verdadeiramente define a súa personalidade. As notas peculiares da súa expresividade oral —espontaneidade «de fluencia» entrega ao libre curso asociativo, metaforismo lírico— condicionan fortemente a súa personalidade literaria, como xa temos visto ao falar-mos do Otero escritor. A falta de equilibrio entre o caudal expresivo —sempre abondoso— e a súa estruturación formal —sempre feble— orixina ese barroquismo literario do que tanto se ten falado e que, no fondo, non é máis que a

submisión expresiva do escritor ás características expresivas do orador que Otero Pedrayo era antes e por enriba de cousa ningunha.

A PERSONALIDADE DE OTERO PEDRAYO

O nome de don Ramón Otero Pedrayo connota para nós algo máis, moito máis, que os simples significados de grande escritor ou extraordinario orador. Estas dúas calidades, que son certas e se reflicten na súa obra cultural, non abranguen a personalidade de Otero na total amplitude significativa que ela ten de seu. Neste caso, o nome significa moito máis que a obra. A súa obra de escritor deparoulle a admiración da minoría culta. A súa obra de orador deparoulle a admiración popular ademais da da minoría culta. Pero, alén da admiración producida polas súas actividades literaria e oratoria, a personalidade de Otero Pedrayo esperta por si mesma un sentimento unánime de respecto. Admiración e respecto son os dous sentimentos que a don Ramón lle ofreceu e lle ofrece o seu pobo con calada sinceridade. Admiración que se basea na estimanza da súa obra. Respecto que se basea na estimanza da súa personalidade. Desta é da que agora imos tratar.

É cousa certa e sabida que non hai na Galicia de hoxe quen chegase a gozar de tanto e tan espontáneo respecto como chegou a gozar don Ramón Otero Pedrayo. E téñase ben en conta, para unha asisada valoración do feito, o carácter espontáneo, libérrimo —á marxe de todo cargo ou función que o poida conferir—, dese sentimen-

to que don Ramón inspiraba e inspira, que non é outra cousa que unha desinteresada adhesión moral, unha homenaxe silandeira que os galegos lle ofrecen. A súa personalidade significa, sobre todo, unha encarnación simbólica: a da síntese espiritual da cultura e mais da vida de Galicia. Ata el ninguén entre nós acadara unha significación representativa de semellante amplitude. Rosalía, Pondal, Curros, Castelao chegaron a ser símbolos representativos dunhas ou doutras dimensións da realidade galega: o lirismo esencial da nosa alma, a épica do celtismo étnico, a vibración cívica, o xenio do humorismo popular, etc. Cada un destes nomes representa, con máis ou menos fondura, unha destas dimensións do noso ser —entre as cales, de certo, o lirismo rosaliano e o humorismo de Castelao son os de máxima e máis auténtica profundidade representativa. En Otero Pedrayo, en troques, dáse por primeira vez a plenitude representativa de todos os elementos da realidade galega. Nel coinciden, en harmónica síntese interpretativa, Galicia como país, Galicia como tradición histórico-cultural e Galicia como realidade social. En efecto, quen se entregou ao coñecemento da nosa terra, do noso chan, co apaixonado e amoroso alento co que se entregou Otero Pedrayo? Chegou a coñecer e a interpretar como ninguén a realidade xeográfica de Galicia. Con el nace a verdadeira Xeografía galega, non como froito da detallada e lenta recadádiva de datos de investigación, senón como xenial interpretación intuitiva, iluminada polo amor. Foi o primeiro que tivo a visión completa e profunda da complexidade estrutural do chan galego. Foi el quen mellor chegou a percibir toda a íntima significación

expressiva da nosa paisaxe, quen nos amosou, con definida claridade, que aquí en Galicia hai un profundo, misterioso e perenne diálogo entre o home e maila terra, cuxa expresión é talmente a paisaxe, pois se a paisaxe é, por unha banda, a cara da terra —e como tal ten unha significación expresiva para nós—, por outra banda tamén é obra do home, xa que son as mans do home as que labran en grande parte a súa fisionomía.

Se pasamos da terra á cultura, da interpretación do noso chan á interpretación da nosa evolución histórico-cultural, quen senón el trazou o primeiro panorama das grandes configuracións culturais do espírito galego no seu desenvolvemento histórico? O seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega* é o espello máxico no que ese desenvolvemento se reflicte. Para que tal espello —tal xoia deberíamos dicir— puidese xurdir, foi preciso que no cruxol dunha sutil sensibilidade vivificadora se fose fundindo toda a tradición histórico-cultural de Galicia ata quedar convertida nunha nidia síntese esencial.

E se da cultura pasamos ao pobo, á realidade social de Galicia, atoparemos tamén que no espírito de Otero está viva e profundamente presente. Presente, por certo, en forma bastante orixinal. En Rosalía, en Curros, en Castelao, o pobo tamén está presente. E está presente, sobre todo, sufrindo. En Otero está presente *vivindo*. A imaxe do pobo que aqueles nos dan é unha imaxe moral, a que nos dá Otero é unha imaxe vital. Rosalía, Curros, Castelao reparan preferentemente nas mágoas, nas coitas do pobo. Otero repara sinxelamente na vida do pobo tal e como se manifesta na súa espontánea trama de amores e xenreiras, de desgrazas e festas, de mágoas e ledicias, de espe-

ranzas e desenganos, de loitas e covardías, de xenerosidades e cobizas... Non se trata de que unha imaxe sexa máis verdadeira que a outra. Ambas as dúas son verdadeiras. O que ocorre é que responde a puntos de vista de amplitude distinta. Nunha, contéplase ao pobo desde o ángulo da xustiza moral, e xorde, con toda a súa estarrecedora crueza, a visión da inxustiza que sofren os débiles, os pobres, os humildes, polo só feito de o seren. Noutra, contéplase o pobo desde o plano vital, tal como el é e se manifesta na realidade natural de cada día, na súa complexa alternativa de traballos e de esperanzas que se van regulando polo suceder cósmico das estacións do ano e mais polo suceder temporal das estacións da vida.

A terra, a cultura e o pobo —os tres elementos fundamentais da realidade galega— chegaron a unha harmónica síntese espiritual na personalidade de Otero Pedrayo. Talmente como se nel se fixesen conscientes do seu propio ser. Isto explica unha notoria calidade que a don Ramón se lle recoñeceu por todos os galegos: a calidade de mestre. Polo seu moito e fondo saber cultural podía, con xustiza, considerárselle mestre en moitas cousas. Mais non se trata dese maxisterio. Pola contra, o maxisterio que a xente recoñecía espontaneamente en Otero Pedrayo non se refire a ningunha disciplina cultural determinada. Refírese á mesma Galicia. A materia da súa perenne ensinanza é Galicia mesma, como se Otero Pedrayo fose o ser de Galicia feito verbo. Xunto con tal excepcional maxisterio, en Otero Pedrayo dáse outra calidade singular: a da lealdade esencial a ese seu destino. Se a súa personalidade ten un significado espiritual transcendente —o de representar a síntese do ser de

Galicia—, a súa vida tivo un significado moral igualmente transcendente —o da lealdade integral a ese ser que representaba.

E con iso queda explicada, segundo a miña maneira de ver, a causa radical dese unánime respecto que o pobo galego sente pola figura de don Ramón.

1976



R. Otero Pedrayo en Padrón



R. Otero Pedrayo falando nun acto público en Santiago de Compostela

A ORATORIA DE OTERO PEDRAYO

Entre os nomes que acadaron unha significación singular dentro da Galicia contemporánea, o de Otero Pedrayo é o que abrangue a máxima amplitude representativa.

Hai nomes que representan unha realidade sobranceira nos eidos da nosa lírica. Hainos que representan unha fecunda forza iniciadora da nosa arte. Tamén os hai que representan as primeiras achegas perdurables de creación literaria en prosa galega. Ou que personifican a devoción fidelísima aos valores esenciais da Terra, quer no terreo da actividade cívica, quer no da actividade cultural.

Algúns destes nomes representan, non só unha, senón varias das realidades indicadas. Con todo, o único que abrangue a rica complexidade espiritual da Galicia contemporánea nunha totalidade representativa é, de certo, don Ramón Otero Pedrayo. A nosa tradición cultural; a verdade entrañable e inxel do espírito e da vida do noso pobo; a clave sensitiva para a interpretación verdadeira da nosa paisaxe; a emoción profunda diante do enigma inqueda en que semella afundirse o destino da nosa historia nos seus intres decisivos; a infinda riqueza de matices expresivos da nosa lingua; a ética de sinceridade radical que inspira o noso ideal patriótico; a sutil percepción da onda de idealismo ensoñador e romántico que ascende velaíña, velaíña, dos estratos étnicos céltigos; a iluminación da nosa cultura coas máis puras raiolas do espírito europeo —e tantas facetas máis que se poderían engadir—, danse intimamente unidas, formando unha síntese superior e creadora, na súa personalidade inmensa.

Galicia, a través de Otero, faise unha realidade espiritual viva e fecunda dotada de tres dimensións, talmente coma se se tratase da síntese de tres Galicia distintas: a Galicia tradicional, a Galicia actual e a Galicia europea. A primeira, nel faise presenza viva como exemplo gasalleiro de fidalga cortesía; a segunda, plena de arelas creadoras, nel faise froito esperanzador; a terceira, delicada e sutil, a única que nos avencella de verdade coa historia, nel faise cálida fe ideal, luzada de futuros...

A poderosa personalidade total de Otero é difícil de apreixar nunha realidade conceptual definitoria. Sóbralle riqueza e complexidade de calidades relevantes. Quizabes non dispoñamos de mellor camiño que o da escolla, entre a pluralidade de calidades, daquela que mellor denote, máis que o complexo da personalidade total, a súa íntima esencia.

Procurarémola arrancando dun feito evidente: Otero é, sobre todo, un creador. Mellor aínda: Otero é unha verdadeira forza creadora. Distinción ben importante para a nosa esculca, pois se Otero é, máis que un creador, unha forza creadora, a dinámica da súa creación será, necesariamente, a espontaneidade creadora, o seu vehículo directo, é a expresión oral.

Estamos xa no núcleo central da personalidade de Otero. Suprimindo mentalmente moitas calidades fecundas que alí afincan, quedanos un esquema radical e último: «unha gran forza creadora dotada dun marabilloso don locutivo». Tal é a imaxe máis elemental de Otero. E, ao mesmo tempo, a súa imaxe máis esencial. Porque Otero é, esencialmente, unha marabillosa forza creadora de expresión verbal. É un orador.

Por ser o don locutivo o verdadeiro núcleo da súa personalidade, pódese afirmar que para coñecer a Otero é necesario escoitalo. Quen o escoitar, aínda sen ler os seus escritos ou descoñecendo os datos da súa vida, pode ter unha imaxe verdadeira da súa personalidade íntima, pódoo coñecer. Pola contra, quen lea a súa obra ou se documente sobre a súa vida sen o ter escoitado nunca, non o chegará a coñecer plenamente. O seu ser íntimo acada a máxima transparencia expresiva na maxia gaioleira, incomparable, da súa palabra oral.

Con todo, como o concepto usual de *orador* connota certas referencias que non cadran pouco nin moito á personalidade de Otero, cómpren algunhas aclaracións importantes. Hai varios tipos de orador: orador político, orador forense, orador sagrado, orador docente, etc. Todos eles teñen un significado que podíamos chamar operativo; todos procuran, por medio da oratoria, finalidades, obxectivos alleos á pura función locutiva. Todos pretenden, valéndose dos recursos persuasivos da expresión oral, influír no ánimo dos demais para algún fin determinado. Son, queiras que non, verdadeiros actores. Neles a elocuencia está ao servizo da vontade. Mais velái que Otero, como orador, non ten que ver con estas formas tradicionais da oratoria. Nel a oratoria non é un instrumento operativo ao servizo da vontade. Carece de fins dialécticos e psicolóxicos. Por non ser unha forma de acción sobre os demais, a oratoria de Otero quédase na pura creación verbal; é puro fluír expresivo do sentimento; é, sen máis, o puro e vivo milagre da transformación do sentimento en verbo. De aí que a súa oratoria sexa, as máis das veces, lirismo puro. De aí, tamén, o seu engado máxico, poético, musical.

Fronte á elocuencia retórica da oratoria tradicional, Otero representa unha oratoria profundamente orixinal. A súa elocuencia é lírica, poética, musical. Toma como substancia oratoria ao propio sentimento, que vai expresando en tremelucientes imaxes verbais toda a súa cálida vibración perceptiva da realidade cósmica, do arrefecemento humano ou das propias arelas íntimas. Otero, cando fala, canta, comunica a súa intimidade. Acada coa oratoria o mesmo que Rosalía ou Manuel Antonio acadaron co verso.

Na orixinalidade oratoria de Otero está mesmamente o segredo da auténtica oratoria galega. A nosa elocuencia xenuína terá que ser sempre, como xa é en Otero, expresión do sentimento, da intimidade, porque o sentimento, a vivencia da propia intimidade, é o matiz peculiar da nosa personalidade espiritual. A elocuencia de Otero vén a representar non só o descubrimento da verdadeira oratoria galega senón, ao mesmo tempo, o seu exemplo máis egregio. Estamos seguros de que non hai hoxe en día en Europa un orador coa capacidade de creación verbal da pureza lírica e da forza poética de Otero Pedrayo.

Se destacamos esta calidade oratoria como fundamental da personalidade de Otero Pedrayo, iso non quere dicir —sobra aclaralo— que responda a unha exclusividade estimativa. Pola contra, prescindindo da alta exemplaridade das súas virtudes humanas, que ninguén descoñece nin discute, queremos sinalar expresamente que, ao noso modo de ver, o conxunto da súa obra cultural representa a aportación máis transcendente que nos nosos tempos teña recibido a cultura galega.

1954



Ramón Piñero en Santiago de Compostela



De esquerda a dereita: F. Río Barja, D. García-Sabell, R. Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e F. Bouza Brey na rúa do Vilar en Santiago de Compostela, ano 1954

D. RAMÓN OTERO PEDRAYO E COMPOSTELA

A significación de Santiago de Compostela para Otero aparece reflectida na súa obra de maneira persistente e dabondo expresiva. Cando tomou contacto por primeira vez con esta cidade —na primavera de 1905 e por motivos académicos—, tiña na mente a imaxe ideal dela que fora formando a través dos relatos paternos e das lecturas de Neira de Mosquera e mais de Moreno Astray. O seu pai falecera un ano antes e el traía consigo o íntimo degaro de revivir a Compostela paterna, así que, unha vez satisfeita a curiosidade de coñecer as aulas universitarias, o primeiriño que fixo foi procurar a rúa de Mazarelos, na que o pai vivira en canto cursou estudos de Medicina.

Durante os 35 días que permaneceu en Santiago, un estudante de Dereito chamado Mariño e natural de Corcubión foille amosando demoradamente todos os lugares e recantos da cidade, tanto da zona monumental coma da contorna, de maneira que tivo ocasión de se formar a súa propia idea persoal baseada no coñecemento directo da realidade de Compostela. De certo que foi a súa primeira experiencia consciente dun conxunto monumental impresionante pola súa grandeza e tamén polo contraste coa humildade circundante. El describe así esa primeira impresión: «As grandes unidades arquitectónicas facíanme pensar en disformes navíos apreixados na area dunha grande praia na baixamar». O seu horizonte habitual de Ourense-Trasalba experimentou en Compostela un forte abalón que non esquecería máis. A cidade

apostólica terminaría sendo unha referencia esencial e permanente no seu espírito.

De certo, ao longo da obra oteriana, Compostela aparece reiteradamente e sempre con poderosa forza evocadora ou con aguda valoración interpretativa da súa significación galega e universal. Así, por citar algúns exemplos, na súa novela *O Estudante*, ou no *Ensaio sobre a cultura galega* ou en varios dos seus poemas, ou en numerosos artigos publicados nos xornais e revistas de Galicia e de América, ou, sobre todo, na obra *O espello na serán*, que vén a ser a máis sutil e ricaz expresión literaria da súa visión de Compostela, esa presenza está ben patente.

Pódese dicir que esa devoción fonda e constante de D. Ramón por Compostela ten a raíz no seu duplo significado, relixioso e cultural, de santuario apostólico e, ao mesmo tempo, de factor histórico-cultural de integración de Galicia en Europa. O Camiño de Santiago ía e viña desde Compostela a tódolos pobos da Cristiandade occidental e foi factor activo na creación da conciencia común desa realidade histórica que se chamaría Europa. Como santuario, foi o centro espiritual —favorecido pola mesma Roma— da loita da Cristiandade occidental contra o Islam; como cidade, chegou a ser a expresión corpórea e visible daquela inmensa forza espiritual que animou tódolos camiños de Europa cara a Compostela e que a convertería en patrimonio cultural da humanidade.

Estamos ben certos de que D. Ramón, cando camiñaba polas rúas compostelás entremedias dos estudantes procedentes de toda Galicia, dos campesiños da Amaía, dos doentes que procuraban saúde corporal, dos peregrinos

que procuraban saúde espiritual, dos turistas que procuraban a emoción estética da Quintana, do Obradoiro, do Pórtico, de Sar e da cidade en conxunto, sentíase ao mesmo tempo no corazón de Galicia e nun dos fogares que alentaron a creación de Europa.

NA UNIVERSIDADE COMPOSTELÁ

Ora, despois deste sintético achegamento á interpretación compostelá de Otero Pedrayo, quédanos por evocar a Compostela que el viviu nos oito anos, do 50 ao 58, en que exerceu aquí a docencia universitaria. Cómpre aclarar que a súa ilusión de ser o primeiro catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago empurrouno a opositar a ela cando xa tiña 62 anos. Cómpre aclarar tamén que os contactos de D. Ramón con Compostela entre o ano 1905 e o ano 1950 foron importantes e non escasos. Así, el formaba parte do Seminario de Estudos Galegos, e mesmo foi o seu derradeiro presidente no ano 36, e acudía ás xuntanzas compostelás do mesmo, ademais de participar nos programas investigadores levados a cabo nas terras de Melide, de Fisterra e doutras partes. Tamén asistía, xa nos anos 30, ás asembleas ou actos de propaganda galeguista que se celebraban en Santiago, como o *mitin das arengas* que se celebrou na Praza da Quintana na noite do 25 de xullo dos anos 34 e 35.

Hai tamén outra aventura compostelá de D. Ramón que é pouco coñecida e que lle escoitei contar a el mesmo. Como é ben sabido polo seu libro *Pelerinaxes*, Otero, Risco e mais Ben-Cho-Sey fixeron unha peregrinación a pé

desde Ourense a Santo Andrés de Teixido. Pero o plan deles non se limitaba a ese itinerario único, senón que matinaban facer varias peregrinaxes máis a distintos santuarios de Galicia. A segunda foi a Santiago de Compostela, que fixeron desde Ourense e da que non se chegou a publicar o libro correspondente. Non puideron proseguir o plan porque D. Ramón, a consecuencia do accidente de automóbil que sufriu con Fita nas proximidades da Torre de Hércules cando o seu ingreso na Academia Galega, quedou incapacitado para facer grandes viaxatas a pé.

Ora, no ano 50, instalouse en Santiago, na rúa Nova, ben preto da Facultade de Historia, onde tiña a súa aula. Tanto no ambiente universitario como no da cidade reinaba a cautela —e mesmo a indiferenza defensiva— imposta pola severa vixilancia policial que imperaba en todo o país. A chegada de D. Ramón á Universidade, despois dunha brillante oposición na que participaban varios candidatos e tendo en conta un historial galeguista que incluía 11 anos de separación da súa cátedra do Instituto de Ourense, foi como unha badalada de esperanza. Nese mesmo ano 50, fundouse, tamén en Santiago, a editorial *Galaxia*, da que foi elixido presidente. Nos primeiros anos, tiñamos a tertulia no *Derby*, que logo trasladamos ao *Español*, na rúa do Vilar, á que habitualmente asistíamos, ao redor de D. Ramón, García-Sabell, Bouza Brey, Río Barxa, Borobó, Maside, Rodríguez Somoza, Cordero Carrete, os irmáns Antonio e José Bonet Correa, Ramón Lugris, López Nogueira, Martul. Pouco a pouco, fóronse incorporando mozos universitarios galeguistas que ían constituíndo un núcleo activo e moi consciente e que

tiveron dúas iniciativas moi conmovedoras para D. Ramón: unha delas, desprazarse en excursión a Trasalba para compartir con el un día naquel seu horizonte entrañable e, outra, ofrecerlle unha homenaxe íntima aquí en Santiago.

Á marxe da tertulia cotiá no café, con frecuencia tiñamos xuntanzas máis reservadas na casa de García-Sabell na Rosaleda, tanto para tratar de asuntos da política clandestina, ou dos problemas internos de Galaxia, como para compartir a fraternidade amigable con algún vello amigo. A estas xuntanzas tamén se foron incorporando, pouco a pouco, os mozos galeguistas máis conscientes.

Pódese asegurar que estes oito anos composteláns foron dos máis felices na vida de D. Ramón. El ténnolo dito moitas veces. Compostela chegou a ser para el, ademais do símbolo máximo da Galicia europea, unha experiencia persoal de gran profundidade emotiva, sempre viva na memoria.

Evocando a súa primeira viaxe a Santiago, a onde veu por tren e logo regresou, cos Cuevillas, no coche de cabalos que saía do Hórreo ás 7 da mañá e chegaba a Ourense ás 9 da noite, cunha hora de parada en Lalín para xantar, fala dos axóuxeres dos cabalos e comenta: «Aqueles axóuxeres soan aínda no meu maxín. E non me deixan cando fago moitas veces, case sempre dende Ourense e de variados xeitos, o camiño máis amado por min de todos os camiños do mundo».

Xullo de 1988



Ramón Piñeiro, 27 de febreiro de 1982



Ramón Piñero en Lisboa, ano 1970

NO ANO DE OTERO PEDRAYO

Galicia celebra neste ano o centenario do nacemento de don Ramón Otero Pedrayo. Tal conmemoración servirá para que a súa obra, e mesmo a súa vida, cheguen a ser amplamente coñecidas dentro e fóra da nosa terra. E non só coñecidas por un sector máis amplo de xente, nosa ou allea, senón coñecidas tamén con máis profundidade.

Certamente que Galicia conta con varias figuras egre-xias que, por gozaren da estimanza colectiva dos galegos e de patente prestixio para os alleos, teñen consagrado o rango de representativas do noso país. Entre elas, don Ramón ocupa un lugar sobranceiro. Pero tamén é certo que ese recoñecemento sempre ten o risco de se converter nun feito habitual, pasivamente aceptado, sen chegar a ser unha presenza que renace en cada un de nós a través do diálogo íntimo coa súa obra e da familiaridade moral cos valores que guiaron a súa vida.

As conmemoracións teñen, xa que logo, o significado positivo de nos faceren revivir colectivamente esa dupla presenza da figura e da obra, que en casos como o de don Ramón é un excelente modo de profundizáremos na nosa propia vivencia de Galicia. Non debemos esquecer que, independentemente do simbolismo moral que lles outorga a adhesión estimativa do noso sentir colectivo, cada unha desas grandes figuras representa unha visión persoal, unha imaxe especial da realidade global de Galicia. Así, a Galicia de Rosalía, ou a de Pondal, ou a de Murguía, ou a de Castelao, ou a de Risco, ou a de Otero Pedrayo ou

a de Cunqueiro —por sinalar só uns poucos nomes— son outras tantas imaxes ou dimensións persoais da Galicia total. Cada unha destas figuras ofrécenos a súa experiencia e a súa visión de Galicia, que é un modo espléndido de arrefecer a nosa propia visión persoal. Achegarnos a elas é a mellor maneira de que a marabillosa regalía das súas visións de Galicia se torne en patrimonio cultural de todos. Así é como Galicia irá medrando internamente, proceso imprescindible para a autoconciencia colectiva da súa responsabilidade como pobo.

Nesa constelación de personalidades que se entregaron abnegadamente a pescudar e revelar a realidade de Galicia como pobo e como país para «espertala do seu sono», para lle infundir conciencia de seu, cada unha delas contribuíu ao esforzo común desde o eido das súas aptitudes persoais, pero tamén, ás veces, despregando iniciativas que respondían ás necesidades obxectivas do coñecemento da realidade galega máis que á propia formación vocacional. Tal é o caso de Murguía ao desprazar a súa vocación literaria ao campo da historia, ou o de Cuevillas ao se adicar á arqueoloxía, ou o de Risco á etnografía, por sinalar tres nomes notoriamente ilustres que exemplifican ben esa realidade do compromiso patriótico.

Don Ramón Otero Pedrayo forma parte desa irmandade que nos devolveu, co seu exemplo e coa súa obra, a plenitude da nosa conciencia galega. Se antes Galicia era para os galegos pouco máis ou menos o sentimento de amor á terra nativa (en moitos casos con referencia local á zona concreta do nacemento), o apostolado desas figuras logrou espertar en nós a conciencia plena de

Galicia como realidade total, quer dicir, como pobo, como país e como cultura que nos dan identidade propia ante os demais pobos.

No conxunto desa irmandade heroica —porque heroes son os que lles dan cohesión e horizonte propio aos pobos—, a singularidade de don Ramón podémola situar na notable fluencia creadora do seu espírito. Sendo, como era, persoa de ampla e fonda información cultural, temperamentalmente non se adaptaba de seu á disciplina metódica da pescuda concreta, moitas veces necesariamente migalleira, que tenciona construír pacienteamente teses explicativas do pasado, esclarecedoras do presente ou previsoras do futuro. Pola contra, o acervo cultural de don Ramón tiña vida interna e configurábase guiado decontino pola forza iluminadora da súa situación. En contraste co talento lúcido, coidadosamente afinado pola sensibilidade, que caracterizaba a varios dos seus compañeiros, da personalidade de don Ramón rebordaba un pulo creador incesante que dificilmente se sometía ás esixencias pacientes do rigor formal. As faíscas de xenialidade que revoaban na súa intuición non se preocupaban da delicada ourivaría espiritual da forma expresiva, que nel tiña, si, celme poético, pero sempre latexante de espontaneidade vital, tanto na palabra escrita como na palabra oral.

Afortunadamente, esta rica singularidade permitiulle levar a cabo unha obra fundamental no esforzo común por acadar a nosa autoconciencia galega. Empresa que, dado o nivel de desintegración interna a que a adversidade histórica nos tiña levado, só se podía realizar polo coñecemento da nosa personalidade cultural xenuína.

Como sinxela indicación do alento e da riqueza desa obra oteriana, que será para sempre un dos núcleos fundamentais da nosa cultura do século XX, sinalaremos estas realizacións: ser un dos creadores da prosa literaria galega, que desenvolveu na novela, no conto, no ensaio, no teatro e nos xornais; ser o gran creador da oratoria cultural galega; ser o primeiro intérprete das grandes etapas culturais que configuran a intrínseca periodización histórica de Galicia; ser, dentro da ciencia xeográfica, un dos máis finos intérpretes da significación expresiva da paisaxe.

Ben podemos celebrar o centenario do seu nacemento coa mesma sincera lealdade con que el adicou a súa vida a Galicia.

Febreiro de 1988



Ramón Otero Pedrayo, por Maside

SUMARIO

7

LIMIAR

POR RAMÓN VILLARES

19

CONFERENCIAS E ENSAIOS

POR RAMÓN PIÑEIRO

23

DON RAMÓN NA LEMBRANZA

29

OTERO PEDRAYO DENTRO DA SÚA XERACIÓN

37

OTERO PEDRAYO NA CULTURA GALEGA

63

A ORATORIA DE OTERO PEDRAYO

69

D. RAMÓN OTERO PEDRAYO E COMPOSTELA

77

NO ANO DE OTERO PEDRAYO

ESTE LIBRO ACABOUSE DE IMPRIMIR
O DÍA 17 DE MAIO DE 2009,
DÍA DAS LETRAS GALEGAS,
DEDICADO A
RAMÓN PIÑEIRO

